

► Presentación de *Ruído de trens*

SUSO MON

@SusoMonR

O cinco de xuño presentouse na Facultade de Filoloxía (UB) *Ruído de trens*, primeiro poemario da autoría de Eduard Velasco, membro-colaborador de ERGaC, e que recibe edición pública grazas a ter obtido o XXVII Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé. Na mesa estaba a profesora Sabela Labraña, quen iniciara a Eduard na alfabetización da lingua galega hai xa máis dunha década —*Tempus Fugit!*—, contando ao seu carón coa presenza física do autor —arestora morando en Compostela— e dun inesperado hóspede, o fillo duns meses do poeta, que o acompañou na cerimonia durmindo envurullado nunha tea sobre o seu peito. O poemario que mesmo o autor encadra nos poemas de amor antóllasenos percorrendo tamén, e non en menor grao, outros espazos: a identidade, o paso do tempo... valla como proba un botón: “Entregarnos é a única saída. / Aceptar con fervor que hai que ir morrendo, / que é o decoroso a vida e o pracer”. Tal é cando se entende o amor en senso amplo, apertando ás outras dimensións presentes e necesarias da existencia. Unha apreciación que no prólogo de *Ruído de trens*, o crítico Isaac Lourido resolve como: “tensom entre a nostalgia

do lugar (a orixe, a pertenza, a identidade) que nom existe e a propensom conflictuosa e reconfortante ao poema de amor”. O crítico tamén comenta que o autor “opta polo tránsito e os corpos, que é tanto como dizer pola inestabilidade e a carne”. Velaí, que outra cousa habita nas nosas vidas máis que o tránsito, o decorrer dunha vida corpórea que escoa entre as fendas do tempo?

Na sala do acto estabamos ao redor dunha cincuentena de amigos e coñecidos que puidemos descubrir que *Ruído de trens* é unha gran boa nova para a lingua e cultura de Galiza. E vén de incorporarse a elas de xeito público e notorio alguén que, sen ter a orixe nos territorios e familias nadas no país, é quen de coñecer o fondo do respirar dos días de Galiza, cal é dicir, o sentir, pensar, expresar e amar da súa cultura incardinada na vida das persoas do pobo, as mesmas que habitaran o lugar-territorio, a Casa de Cereixa, convertida agora en espazo literario dun amor que dá pé a que se afirme a primacía da carne e da natureza fronte á cultura: “que a natureza / —por sorte para todos—/ segue a estar por riba da cultura / á marxe do aparato co que visitamos a existencia”.